

## O FUTURO DA ECONOMÍA GALEGA

JOSÉ ANTONIO ORZA FERNÁNDEZ  
Consellería de Economía e Facenda  
Xunta de Galicia

*Recibido:* 25 maio 2000  
*Aceptado:* 15 xuño 2000

Con moita frecuencia esíxeselles ós responsables da marcha económica dunha administración pública unha predicción acertada sobre o futuro inmediato desta materia. Mesmo, ás veces, pénsase que os economistas ou aqueles que teñen capacidade para tomar decisións son coma augures, capaces de adiviña-lo porvir.

Esta visión é comprensible se se ten en conta que a sociedade do noso tempo funciona a un ritmo tan rápido que xera inquietudes e incertezas para as que a xente pide respostas. Pero nin os economistas nin os políticos contan cunha bóla de cristal á que preguntarlle cál vai se-lo comportamento das variables económicas en xogo.

Tralo traballo de planificación económica dunha administración só hai un rigoroso e tenaz labor de análise de datos e estatísticas, que si poden orientar as actuacións futuras pero que en ningún dos casos funcionarán coma o oráculo de Delfos, con consellos cheos de fatalismo.

A praxe económica, xa que logo, é obra de homes e estes son libres, calidade que non casa con ningunha caste de predeterminación. Os economistas e os responsables das decisións económicas, iso si, actúan con especial atención ós signos dos tempos, tentando ver neles as claves para obter un desenvolvemento progresivo, duradeiro e que lle sirva a toda a sociedade.

Neste intre concreto, os sinais que todos podemos apreciar na evolución económica pasan pola evidencia dun proceso de globalización, pola posta en marcha da moeda única en Europa e polo xurdimento dunha nova economía vinculada ó progreso tecnolóxico, coa que os tradicionais mercados van ter que competir.

Estes son, en definitiva, os signos dos nosos tempos.

¿Cal pode ser, pois, a resposta que desde Galicia, unha comunidade autónoma española inserida nese segmento de estabilidade que outorga o pertencer á Unión Europea, se debe dar a eses retos que van condicionar o noso próximo futuro?

Coido que estamos diante dunha grande oportunidade para o progreso socioeconómico de Galicia e nunca diante dun atranco para o noso desenvolvemento. Só é preciso poñer a funcionar unha capacidade que as máis das veces funcionou ben ó longo da historia, cando se tratou de afrontar outro tipo de retos: a imaxinación creativa.

Tampouco non se trata de inventar cousas ou de pór sobre a mesa solucións extraídas dunha chistera máxica. Só se trata de ver con clarividencia as claves coas que aproveitar ó máximo as posibilidades que ofrece a nova concepción económica.

Certificada xa a recente traxectoria de crecemento da nosa economía, solucionadas en boa medida as tradicionais eivas de incomunicación de Galicia co resto de España e con Europa, problema do que só restaría por solucionar –e non é pouco problema– a conexión por ferrocarril, cómpre abordar un salto cualitativo para situar a nosa economía nun perfil de competitividade e eficiencia.

Ó meu entender, esta nova definición da economía ten que pasar, alomenos, por tres elementos esenciais: o compromiso da administración autonómica para lles ofrecer ós cidadáns unhas finanzas públicas saneadas, a aposta pola introducción dunha política eficaz de I+D e a creación das condicións financeiras necesarias para que a iniciativa empresarial privada poida desenvolverse sen impedimentos.

O saneamento das finanzas públicas é unha condición indispensable para poderlles ofrecer ós cidadáns aqueles servizos públicos esenciais que garante a nosa Constitución e mailo noso Estatuto. A boa saúde da política orzamentaria de Galicia ponse de manifesto ano tras ano nos orzamentos e vaise ver exemplificada dun xeito importante na desaparición do déficit público no próximo exercicio. Non é esta unha cuestión intranscendente, se se ten en conta que este control se fará compatible coa existencia dun volume suficiente de recursos tanto para abordar proxectos de investimento como para incrementala oferta de servizos educativos, sanitarios e de servizos sociais dos que xa goza a poboación galega.

O segundo dos elementos antes aludidos, a política de I+D, vai constituír unha variable estratéxica para avalialo grao de solvencia dunha economía moderna. Sen unha decidida aposta pola modernización dos procesos productivos e pola inevitable conexión da investigación científica sobre a aplicación práctica, será difícil manter os ritmos de competitividade que esixe a nova situación.

Nesta compoñente ten unha importancia decisiva o capital humano e aquelas tarefas que levan implícito o aumento da preparación tecnolóxica e científica dos nosos xoves. Unha capacitación axeitada é unha garantía para que as nosas empresas compitan nun ámbito fortemente globalizado. Neste sentido, a administración galega non vai escatimar esforzo ningún.

A última das características aludidas, a creación das condicións financeiras precisas para o desenvolvemento da iniciativa empresarial, semella importante se lembramos que a existencia dun “stock” de capital é condición imprescindible para o desenvolvemento sostido dunha rexión.

De aí a transcendencia que ten o funcionamento daqueles instrumentos financeiros coma os fondos de capital risco ou de entidades coma o Instituto Galego de Promoción Económica (IGAPE), que xa funciona a xeito de axencia de desenvolvemento rexional, para visualizala existencia dun mercado de capitais adaptado ás esixencias das nosas empresas. En todos eles hai ferramentas suficientes para res-

ponder ás necesidades dos nosos emprendedores e empresarios, que deben se-los axentes por excelencia da actividade económica.

Velaí, pois, tres elementos que han marca-lo futuro da nosa economía rexional: déficit cero na administración pública, engarzamento coas tecnoloxías que definen o concepto de nova economía e existencia dun “stock” de capital financeiro que garanta un desenvolvemento sostido.

Calquera que sexa a actividade productiva xerada en Galicia, primaria, extractiva, industrial ou de servicios, haberá que ter presente na configuración da súa actividade este deseño. Nel teñen cabida tanto o peche do ciclo productivo na súa integridade (producción-transformación-comercialización), coma o aproveitamento das nosas vantaxes comparativas e especializacións.

Sempre coa certeza de que só coa posta en funcionamento deste esquema se estará apostando pola modernización integral da economía galega e pola creación de emprego, que vai estar moi vinculada ás novas tecnoloxías e moi afastada das tradicionais formas de concibi-la economía, que xa cumpriron o seu ciclo.